

RESOLUCIÓN REITORAL SOBRE A RENOVACIÓN DE PROFESORADO SUBSTITUTO E A CONTRATACIÓN POR LISTAXES DE ESPERA

Primeiro. _A LOSU no seu artigo 80 establece as condicións de contratación e renovación do profesorado substituto.

Segundo. _O Procedemento para cubrir temporalmente necesidades docentes (aprobado no Consello de Goberno do 30 de xuño de 2006) [https://www.udc.es/es/normativa/profesorado/normativa_acceso/contratados/procedem_ento_cubrir_docentes_temporalmente/index.html] establece as condicións para a creación de listaxes de espera coa finalidade de atender as necesidades docentes que se poidan producir ao longo dese curso académico por causas xustificadas e que non poidan ser cubertas polo profesorado da área.

Terceiro. _O citado Procedemento establece no seu punto Terceiro 2 a regulación da duración das contratacións polo procedemento de urxencia:

"A duración dos contratos efectuados por este procedemento non poderá ser superior á do curso académico no que se efectúe a contratación, con excepción dos contratos que substitúan docencia de profesores en situacións con dereito a reserva de posto (maternidade, incapacidade temporal, comisións de servizos, servizos especiais...), que se extinguirán cando se reincorpore o traballador substituído. Non obstante o anterior, a finalización dun contrato nunca poderá ser posterior á data en que remate o contrato da persoa á que se substitúe".

Cuarto. _Ante a existencia de necesidades docentes, é de interese público para esta Universidade arbitrar procedementos que permitan actuar coa máxima celeridade e eficiencia.

Por todo o anterior, resólvese:

Primeiro. _Os contratos realizados polo procedemento de urxencia poderán renovarse para o curso académico 2025/26, sempre que se manteñan as causas conxunturais que os motivaron.

Segundo. _Cando existan necesidades docentes sobrevidas nunha área de coñecemento para o curso 2025/26, poderán utilizarse como listaxes de espera as resultantes das prazas convocadas no curso 2024/25.

Esta resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO e será posta en coñecemento do Consello de Goberno na primeira sesión que se celebre con posterioridade.

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

PD do reitor (RR 10/07/2024)

Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	Bz8UA1ErW1uQPgEN+aB4sA==	Estado	Fecha y hora
Firmado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Firmado	08/07/2025 14:01:59
Observaciones		Página	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Bz8UA1ErW1uQPgEN%2BaB4sA%3D%3D		
Normativa	Este informe tiene carácter de copia electrónica auténtica con validez y eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Ley 39/2015).		

